

# Programa Municipais '23



**ISABEL FERNÁNDEZ GALLEGO**



**OROSO**  
Indo a  
Máis

## Programa Municipais'23

Nestes catro anos, resulta evidente que as áreas que xestionou o BNG Oroso melloraron sensiblemente.

Pero, desde o BNG de Oroso, **queremos ir a MÁIS.**



### Indo a máis cos maiores

- Seguiremos loitando por un **Centro de día** para os nosos maiores e persoas con diversidade funcional. Somos sabedores da necesidade tanto para eles como para as súas familias.

### Indo a máis coa xuventude

- Creación dun **plan de dinamización de proxectos** para a mocidade como cursos de produción musical (rap, trap, indie, foliadas...), entre outros.
- Poremos en marcha a **Casa da Mocidade**, que conte con: salas insonorizadas equipadas para que poidan ensaiar os grupos locais; con xogos recreativos (futbolín, billar...); e onde poidan desenvolver ademais actividades lúdicas e culturais, promovendo un ocio saudable.
- Posta en marcha dun **punto de encontro xuvenil** cuberto no núcleo urbano.

### Indo a máis coa cultura

- Elaboraremos un **Plan Integral de recuperación e inventariado do noso patrimonio** cultural e histórico (castros, mámoas, muíños, fontes, lavadoiros...) así como a elaboración dun roteiro cultural por estes.
- Seguiremos traballando na recuperación da **memoria histórica**.
- Fomentaremos e apoiaremos as iniciativas e propostas que nos acheguen as **entidades e asociacións culturais** do concello (espazos de socialización, obradoiros de arte urbana... ).

## Indo a máis co ensino

- Seguiremos traballando cos **centros educativos do concello** como viñemos facendo estes catro anos.
- Insistiremos para conseguir implantar o **bacharelato e ciclos de formación** (Ex: ciclo de robótica ou forestais).
- Pediremos, como xa vimos facendo dende sempre, o arranxo integral do **CEIP Sigüeiro e da Escola de Senra**.

## Indo a máis coa sanidade

- Posibilitaremos á xente do rural o **achegamento ao Centro de Saúde** os días de analíticas.
- Creación dun plan de colaboracións co Centro Médico para promover charlas sobre os **coidados e saúde preventiva**.
- Solicitaremos ao SERGAS: **psicóloga, fisioterapeuta, psiquiatra, xinecóloga e unha traballadora social** para o centro médico.

## Indo a máis co deporte

- Arranxaremos as pistas de tenis, así como outras **instalacións deportivas** do concello para un mellor aproveitamento destas.
- Apoiaremos os **deportes minoritarios**.
- Fomentaremos o **deporte feminino**.
- Levaremos a cabo un **novo Centro Deportivo** que se axuste ás necesidades da veciñanza.

## Indo a máis coa igualdade

- Seguiremos facendo, e poñendo en marcha, políticas que poñan en valor o **traballo feminino**.
- Poremos en valor a seguridade dos grupos de risco social, levando a cabo **políticas de integración**.
- Traballaremos na **concienciación** contra as violencias: machista, homófoba e xenófoba, porque unha sociedade que respecta é unha sociedade sa.

## Indo a máis co medio ambiente

- Manteremos un **compromiso real co medio natural**, coidando e facendo cumprir as leis de medio ambiente, así como cos tratamentos de residuos.
- Poremos en marcha a **comercialización dos produtos locais**, incentivando os agricultores a vender o excedente na feira do sábado, produto ecolóxico de proximidade.
- **Apoiaremos os gandeiros** nas súas demandas e reivindicacións, como xa fixemos coa cooperativa.
- Acometeremos **melloras no centro de acollida animal** do concello.
- Organización de cursos para **adestrar e reeducar as mascotas**.

## Indo a máis co movemento asociativo

- **Apoio desde o BNG de Oroso ás diferentes asociacións do concello**: xuventude, comercio, asociacións culturais ou deportivas, asociación de gandeiros, protectoras de animais, asociación de mulleres...

## Indo a máis co noso rural

- Crearemos **espazos de lecer**, cubertos e circulares, para os maiores no medio rural.
- Traballaremos para levar aos núcleos onde aínda non chegaron os **servizos de auga e saneamento**.
- Achegaremos máis vida ao noso rural, mediante unha programación estable de actividades culturais.
- Acometeremos a **limpeza regular de gabias** para un mellor mantemento das estradas.
- Faremos unha **senda peonil** dende o Cachopal ata a Garabanxa.

## Indo a máis coa economía e mobilidade

- Crearemos campañas en **colaboración co comercio** para un mellor rendemento económico.
- Seguiremos adiante coa **campaña de concienciación MELLOR LOCAL**.
- Estableceremos convenios coas empresas para a **contratación feminina e para persoas con diversidade funcional**.
- Traballaremos para o **desenvolvemento dixital de Oroso**, a través da instalación dunha maior cobertura de internet a alta velocidade en todo o Concello, en especial nas zonas do rural.
- Loitaremos por unha **movilidade máis axeitada** ás necesidades dos usuarios de Oroso nos horarios de transporte público.
- Seguiremos loitando pola **gratuidade da AP9** no tramo Sigüeiro – Santiago.

## Indo a máis cun Oroso para a veciñanza

- Coidar e respectar as **zonas verdes do núcleos urbanos**, facendo das rúas lugares máis acolledores.
- Executaremos as **melloras necesarias en parques e prazas**.
- Melloraremos as calzadas, **suprimindo as barreiras arquitectónicas**.
- Traballaremos para **liberar a ponte de Sigüeiro do tráfico pesado**.
- **Recuperaremos o patrimonio fluvial** do concello, mediante a rexeneración ambiental dos diferentes ríos do concello, para posteriormente establecer áreas de lecer nas súas beiras que inclúan unha zona de baño. Negociaremos un plan de colaboración con Santiago de Compostela para lograr unha utilización mixta da Illa do Refuxio.

## Indo a máis cun Oroso de futuro

- **Melloraremos as plataformas dixitais do Concello** (páxina web, Oficina Virtual, aplicacións móbiles...) de maneira que a veciñanza poida ter unha maior información e interacción, facilitando as xestións coa administración local.
- Impulsaremos a **implantación de empresas cun alto valor tecnolóxico** no polígono de Oroso.
- Levaremos a cabo un **Plan Integral de Formación Dixital**, mediante talleres e obradoiros de alfabetización dixital, robótica, sistemas de programación... de maneira que permitan un maior achegamento ás novas tecnoloxías como fonte para incorporación ao mercado laboral e socialización dentro do noso concello.

## ISABEL FERNÁNDEZ GALLEGO



As persoas que conformamos a candidatura do **BNG de Oroso** faremos que o noso **concello vaia a máis.**

Os gobernos do BNG son os que transforman os concellos de Galiza.



**OROSO**  
Indo a  
Máis

### CONTACTA CO BNG



650 85 37 85  
638 72 94 74



[oroso.bng.gal](http://oroso.bng.gal)



[oroso@bng.gal](mailto:oroso@bng.gal)



[BNGdeOroso](#)



[BNGdeOroso](#)